

## O PP urxe ao Concello de Caldas que ceda xa os terreos para o novo centro de saúde

- Fernando Pérez recorda que “hai un compromiso real da Xunta”, e que actualmente a súa construción está pendente dos terreos, “o único que depende do Goberno local”.
- O Pleno de onte aprobou por unanimidade unha moción que os populares defenderon, para que o Goberno poña con urxencia os terreos, en condicións de ser urbanizables, a disposición do Sergas.

**29, outubro, 21.-** O Partido Popular de Caldas de Reis esixe ao Goberno local que non demore máis a cesión dos terreos para que a Xunta de Galicia constrúa o novo centro de saúde. O voceiro popular, Fernando Pérez, recorda que hai un compromiso firme do Goberno galego para construír o novo edificio, que mellorará a calidade asistencial e permitirá ampliar os servizos sanitarios. Por iso, defenderon no pleno deste xoves unha moción para urxir ao Goberno socialista responsabilidade, xa que mentres non fagan o seu traballo, o centro de saúde non poderá ser unha realidade. “É o trámite máis sinxelo e o único que depende do Goberno local, pero leva enquistado neste concello desde hai dous anos. Unha irresponsabilidade absoluta”, denuncia Pérez.

A través da moción do PP, que foi apoiada por unanimidade de todos os grupos, esixen que se poña con urxencia a disposición do Sergas e da Xunta de Galicia os terreos necesarios e en condicións de ser urbanizados, para construír un novo centro de saúde moderno e adaptado ás novas demandas dos usuarios, con espazo suficiente de estacionamento e cos accesos necesarios para pacientes e vehículos medicalizados. Ademais, piden que se poña a disposición o terreo sen limitacións, para que o Sergas poida escoller, dentro da parcela municipal, a ubicación que mellor se adapte ao servizo e ás instalacións.

Pérez explica que, desde que o Concello de Caldas anunciou a compra do terreo hai dous anos, “non foron quen de entregar os terreos á Xunta e Galicia”. Ademais, di que segundo os técnicos municipais, os terreos tampouco están en condicións de ser cedidos e a tramitación podería tardar entre 6 e 10 meses. “Atrasos e máis atrasos dun desgoberno que está amosando unha

nula preocupación que ten por unha infraestrutura fundamental para os nosos veciños, que están pagando a súa ineficacia e parálise”. Pola contra, sostén, desde o grupo municipal do PP “estamos facendo xestións continuas para intentar desbloquear temas urxentes para Caldas de Reis e dos que o grupo de Goberno nunca se preocupou e que se poden perder si non apuran as tramitacións municipais”.

Os populares destacan que o compromiso da Xunta con Caldas de Reis “é evidente”, e gracias as xestión realizadas polo noso grupo municipal, se desbloqueou o compromiso para executar o saneamento en Paradela e Reguengo, “unha actuación importante e moi demandada polos veciños”; a ampliación do instituto de bacharelato Aquis Celenis; a aceleración das parcelarias de Godos e Saiar, que xa están en marcha, ou o inicio da parcelaria de Bemil que escomenzou a tramitación administrativa; e tamén a construción do novo centro de saúde que está esperando polo Goberno local.